

Circular da Dirección Deportiva de 30/12/2021

## Bases da convocatoria de axudas a Escolas de Tríatlon e Péntatlon Moderno 2021/2022

### 1 – Finalidade

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI de agora en diante) establece as bases para a convocatoria de axudas para Escolas Deportivas.

Estas teñen por obxecto regular as axudas ás Escolas de Tríatlon e Péntatlon Moderno Dos diferentes clubs con licenza FEGATRI para o fomento e promoción do tríatlon e do péntatlon nas categorías menores na tempada deportiva 2021/2022.

Consistirá nun rolo de potencia que se entregará aos clubs que cumpran os requisitos expostos no apartado 2.

Enténdense por categorías menores aquelas de idade comprendidas entre pre-benxamín e cadetes, ambas incluídas.

### 2 – Entidades solicitantes e requisitos mínimos.

As entidades deportivas solicitantes deberán cumprir os seguintes:

- Pertencer a un club con licenza FEGATRI.
- Non ter débedas coa FEGATRI na data de solicitude da axuda.
- Ter asinado o compromiso do protocolo COVID19 (Anexo III) .
- Ter, cando menos, un adestrador ou adestradora con licenza de técnico/a en vigor coa FEGATRI na tempada 2021.
- Compromiso asinado, segundo o modelo do Anexo IV, de manter cando menos un adestrador ou adestradora con licencia de técnico/a coa FEGATRI durante a tempada 2022.
- Ter un mínimo de 12 licenzas de categorías de base na tempada 2021.
- Ter participado con algún ou algunha deportista en probas/encontros de menores da FEGATRI no ano 2021.

### 3 - Prazo e forma de solicitude.

O prazo de presentación desta axuda será de 10 días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación da convocatoria na web.

As solicitudes deberán enviarse vía correo electrónico a [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) // [menores@fegatri.org](mailto:menores@fegatri.org) indicando que se desexa optar á axuda e incluíndo o Anexo IV.

### 4 – Comisión de valoración e Resolución das solicitudes

Finalizado o prazo de recepción de solicitudes, a FEGATRI establecerá unha comisión técnica avaliadora que publicará primeiramente unha lista provisional de solicitudes admitidas e non admitidas a trámite, especificando as posibles causas de exclusión, se as houbera, establecendo un prazo de 5 días hábiles para que as entidades solicitantes aporten documentación ou fagan as alegacións que consideren oportunas. Nese mesmo prazo, a FEGATRI poderá ademais requirir ás escolas a documentación que estime oportuna para verificar calquera dos méritos alegados.

A resolución final das solicitudes de axudas concedidas será publicada á maior brevidade posible, comunicada a todos os clubs por correo electrónico e publicada na páxina web da FEGATRI.

Porén, as axudas concedidas serán executadas soamente no momento que se verifique o cumprimento de todos os requisitos citados.

5 - A Fegatri esixirá o cumprimento da condicións do presente convenio facendo reserva do uso das accións legais correspondentes para o caso de infracción.

Lugo, 30 de decembro de 2021